

...E tamen en Galicia un bo acordo

Cando estamos xa a piques de cumprir un ano do maior conflito vivido polo ensino público, acaba de pecharse con un bo acordo a negociación entre a Consellería de Educación e os sindicatos con presenza na Mesa Sectorial de Galicia, acordo asinado pola Federación do Ensino de CC.OO., FETEUGT, UCSTE e CSIF e non asinado por CXTG, ANPE e INTG.

Xa anunciáramos no seu momento a importancia que tiña o acordo acadado co MEC o 19 de novembro; acordo que daba solución moi satisfactoria as reivindicacións plantexadas (importante avance no camiño da homologación retributiva, responsabilidade civil, etc.) e que abría a posibilidade de concretar e ampliar este acordo en Galicia.

A Fed. do Ensino de CC.OO. convocou ós demais sindicatos os días 21 e 22 de novembro para reclamar conxuntamente a apertura das negociacións e poder plantexar unha estratexía unitaria nos temas que poidera haber coincidencia. Se ben púdose concretar a solicitude da apertura de negociacións non foi posible avanzar nos plantexamentos unitarios, o que levou a convocatoria da Mesa pero na que cada sindicato artellou a súa estratexia por separado.

Neste contexto a negociación foi complexa se ben pechouse no prazo proposto por CC.OO.. Lamentamos que a posición dalgúns sindicatos que dende o primeiro momento situáronse fora de calquera posibilidade de acadar acordos, mermara forzas para arrincar da Consellería maiores compromisos. Sorprende comprobar como algúns tentan devaluar o acordo atribuíndose, sen teto asinado, o protagonismo dos contidos positivos; pena que, xa que está de moda, non se recolleran as grabacións para podelas publicar; ademais: ¿Manteríanse determinadas melloras se ningún sindicato as asinara? Chégase a atribuir éxitos do acordo, o 100 por 100 dos interino por exemplo, a instancias como o Parlamento, sen aclarar por qué os parlamentarios non acordaron facelo antes e tivo que ser aprobado o 27 de decembro na recta final do debate dos Presupostos e a instancia da Mesa Sectorial na que se estaba debatindo o acordo, o que non obsta para recoñecer a acollida positiva que este tema tivo por parte deles conseguindo superar o plantexamento inicial da Xunta.

Por outra parte, a negociación do acordo evidenciou, unha vez máis, un dos elementos que máis dificultan a acción sindical: a incoherencia.

Ete acordo supera en todos os seus puntos o programa con que algunhas orgaizacións sindicais se presentaron ás eleccións ¿a qué se xoga? non se pode entender que non se firme un acordo que mellora outro que xa tiñan asinado, ou que afonda no criterio antixerarquizador que fora para algúns, obstaculo para asinar o anterior... En fin, datos que afloran en cada proceso e que permiten decidir que cando falamos de sindicalismo deberíamos precisar que falamos de psicoanalismo.

A pesares desto, globalmente entendemos que, ata hoxe, este pode ser o mellor acordo negociado en Comunidades Autónomas (está rota a negociación en Catalunya e sen remate en Canarias) del queremos reseñar algúns aspectos.

Retribucións

Ademais, dos aspectos do acordo co MEC (recoñecemento da homologación retributiva e incrementos salariais nos niveis de C. de destino e específico xeralizado) o acordo de

Galicia contempla a revisión e reparto lineal dos incrementos dos Complementos Específicos a cargos unipersonais decretados pola Xunta no setembro pasado. Este aspecto entendemos que ten unha grande importancia cualitativa xa que afonda na linealidade das subas tal e como se plantexara na plataforma reivindicativa que levou a convocatoria das folgas pasadas, e rompe a tentativa de avanzar pola diferenciación retributiva nos específicos (no seu momento xa conseguimos parar os intentos de establecer os graos e niveis diferenciados).

Traslados na EXB

O acordo adianta as tiñas polas que discurren as negociacións do Proxecto, que se están a facer de xeito paralelo, asumindo o asinado en novembro polo MEC:

- Concurso único e anual por especialidades e a centro, suprimindo o concurso restrinxido, o turno de consortes e o concursiño, primando a antiguidade no centro, no corpo e en postos de difícil desempeño (previamente negociados cos sindicatos).
- Negociación sobre adscripción e habilitación para impartir as especialidades, xa aparecen perfiladas: Preescolar, Ed. Especial (Audición e Linguaxe e Terapéutica), C. Inicial e Medio, Matemáticas e Ciencias da Natureza, Sociais, Filoloxía + Francés, Filoloxía + Inglés, Galego, Ed. Física.
- Dereito dos profesores ós que se lles suprima o posto de traballo a permanecer no centro noutra especialidade habendo vacante, se está habilitado para impartirla. No caso de non existir vacante adxudicaráselle destino provisorio na mesma localidade ou Concello, primando esta situación para acceder a un destino definitivo.

Interinos

Recolle o compromiso de estabilidade para os interinos con contrato anterior o 31 de decembro, ata que se regule o futuro acceso a Función Pública Docente.

Acádase o 100 por 100 das retribucións de interinos (tamén para os interinos non docentes).

Compromiso de valorar os servizos prestados no futuro acceso.

Responsabilidade civil

Incrementábase a cobertura da póliza en cinco millóns (total de trinta millóns) por demanda individual, e esta cobertura faise practicamente ilimitada ó recoñecerse a Xunta responsable solidaria nas demandas que superen esta cuantía. Comprométese un procedemento axil de atención das demandas pola vía administrativa. Por ceno, estanse a cumprir os prazos e compromisos recollidos no acordo co MEC sobre os trámites para a modificación dos Códigos Civil e Penal.

Incorpórase un seguro de accidentes as todo risco para os profesores itinerantes e membros de equipos Sicipedagóxicos.

Estes son algúns dos aspectos máis salientables do acordo asinado en Galicia o 6 de febreiro do 89; sen menoscabo doutros tamén importantes que xa estaban recollidos no acordo co MEC e que aquí asúmense e mellóranse como: saúde laboral, xornada e calendario, personal vario, etc.

Certamente temos que citar aspectos do acordo nos que CC.OO. plantexou dende o principio a necesidade de conserir maiores avances, e que, aínda mellorando as propostas iniciais da Consellería, non satisfacen plenamente as aspiracións postas por este sindicatos na negociación. Así ocorre fundamentalmente no capítulo de Formación do Profesorado (no que xa partiamos de atrasos respecto doutras comunidades e con unha estela de actuacións censurables por parte da Administración e que, CC.OO. ten denunciado. Tamén desexabamos maiores compromisos no apoio a Normalización Lingüística. En calquera caso, seguiremos a defender as nosas posicións no desenvolvemento dos plans comprometidos no acordo.

Negociación colectiva articulada

A negociación das nosas condicións de traballo ten múltiples foros, todos eles importantes e interrelacionados. Isto explica o feito de que queden fora deste acordo cuestións as que non renunciamos pero que son obxecto de demanda noutras mesas negociadoras.

CC.OO. non renuncia a ningún marco de negociación, este sindicato xa explicou por exemplo, a importancia da negociación na Mesa Xeral de Funcionarios do Estado e as repercusións negativas que ten o acordo Goberno-CSIF sobre a suba do 4 por 100 para os funcionarios; a importancia tamén dunha solución satisfactoria de tódalas reivindicación do 14-D (entre as que está precisamente a suba xeral dos funcionarios) polas que seguiremos loitando; ou as repercusións do acordo co MEC de 19 de novembro.

Cando se cerrou a negociación co MEC algúns opinaron que aquel acordo non afectaba o profesorado galego; claro que tampouco explican por qué non se empezou a negociar en serio un acordo en Galicia antes de que se cerrara aquel.

Así mermo, CC.OO. afrontou a negociación coa Consellería plenamente consciente do marco negociador e empeñado en sacar o máximo froito posible dela aínda sendo sabedora das dificultades de negociar nun marco sindical moi fraccionado e sen posibilidades de apoiar as negociacións con novas mobilizacións.